

PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA AS MULLERES EN CONTEXTOS DE VIOLENCIA, TRATA E EXPLOTACIÓN SEXUAL

Cáritas Diocesana de Lugo leva máis de 20 anos traballando en diferentes áreas a favor do desenvolvemento e da mellora das condicións de vida da muller.

- Atención e información social.
- Orientación e información sociosanitaria.
- Apoio para a cobertura de necesidades básicas.
- Asesoría xurídica.
- Apoio psicolóxico.
- Actividades de lecer inclusivo e obradoiros de desenvolvemento persoal.

Participa e Colabora

Cáritas Diocesana de Lugo
Luis Peña Novo, 6, 27001, Lugo
982 24 20 09

www.caritaslugo.es



SERVIZO DE
ACOLLIDA A MULLERES VÍTIMAS DE
VIOLENCIA, TRATA OU EXPLOTACIÓN SEXUAL

Mulleres libres da violencia

COMUNIDADES
CHEAS DE VIDA



CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO OFRECE ACOMPAÑAMENTO E APOIO A MULLERES QUE SUFRIRON VIOLENCIA, TRATA OU EXPLOTACIÓN SEXUAL.

O noso obxectivo é axudalas a recuperar a súa dignidade, autoestima e autonomía e **identificar, visibilizar e denunciar as distintas formas de violencia** contra as mulleres, especialmente en contextos de prostitución, trata, violencia de parella, intrafamiliar e outras violencias machistas.

Acompañamos a cada muller no seu proceso persoal, poñéndoa no centro, respectando os seus ritmos e necesidades e favorecendo o desenvolvemento dun proxecto de vida libre, digno e autónomo.

TRABALLO EN REDE

Cáritas Diocesana de Lugo forma parte activa da **Rede Galega contra a Trata** e traballa en coordinación coas Forzas e Corpos de Seguridade, a Delegación do Goberno, a Xunta de Galicia, os servizos sociais e sanitarios, así como con outras entidades do terceiro sector e colexios profesionais.



QUE FACEMOS?

ATENCIÓN INTEGRAL E ACOMPAÑAMENTO PERSONALIZADO

Atendemos a mulleres vítimas de violencia, trata ou explotación, en contextos de prostitución ou en risco, e ás súas fillas e fillos.

Ofrecemos **apoio social, psicológico e xurídico**, adaptado a cada caso, para favorecer a súa recuperación e autonomía.

TRABALLO DE RÚA E ACHEGAMENTO

Visitamos lugares de prostitución e espazos onde as mulleres poidan atoparse en situación de trata ou explotación, ofrecendo información, orientación, material sanitario e apoio in situ.

SENSIBILIZACIÓN

Participamos en **accións de sensibilización e formación**, como xornadas, charlas en centros educativos e encontros de intercambio de experiencias, **para previr a violencia e promover unha sociedade libre de explotación.**

ACTIVIDADES GRUPAIS E DESENVOLVEMENTO PERSOAL

Realizamos obradoiros sobre habilidades sociais, xestión emocional, autoestima, autocuidado, participación e lecer inclusivo, adaptados ás necesidades e á dispoñibilidade das mulleres participantes.

APOIO ECONÓMICO TEMPORAL

Facilitamos axudas para cubrir **necesidades básicas** (vivenda, alimentación, subministracións, material escolar, saúde, documentación, etc.) mentres se avanza cara á inserción laboral e á independencia económica.